

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO PARA A REALIZACIÓN DE DIVERSAS ACTUACIÓN S DE FOMENTO DO COMERCIO RETALLISTA NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA 2026

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

### REUNIDOS

Dunha parte, D. José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, actuando en exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

Doutra parte, D. José María Seijas López, actuando en nome e representación da Federación Galega de Comercio, na súa calidade de presidente en virtude das facultadas emanadas do artigo 28 dos Estatutos, aprobados en Asemblea Xeral celebrada o 27 de setembro de 1993.

Os comparecentes, na representación que ostentan, teñen a capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio de colaboración, na súa virtude,

### EXPOÑEN

**PRIMEIRO.** A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en adiante, a consellería, é o órgano encargado de exercer as competencias que, en materia de comercio interior, o artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á nosa comunidade autónoma segundo o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de comercio interior.

Concretamente, o programa 751A, que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, contempla entre os seus obxectivos, a renovación e a promoción do sector comercial retallista, neste caso apoiando as actuacións desenvolvidas pola Federación Galega de Comercio para acadar o nivel de concorrência desexable cara o mercado interior e que incida no seu maior desenvolvemento.



A situación do pequeno comercio polo miúdo no noso país, sendo un dos principais motores da nosa economía, incide de forma importante no desenvolvemento económico e social global, así como na mellora do estado de benestar e das condicións de vida de todos os cidadáns.

O comercio tradicional está sometido a un profundo proceso de cambio que esixe realizar un esforzo de renovación e adaptación continuo.

É importante que todas as administracións públicas colaboren coas entidades representativas do sector e contribúan con todos os recursos necesarios á mellora e desenvolvemento do sector comercial para acadar a súa plena concorrencia nun mercado cada vez máis difícil. Deste xeito, o comercio poderá afrontar os retos e superar os obstáculos que se lle presenten habitualmente e que dificultan a súa continuidade, mantendo a súa posición como motores das economías locais e rexionais e do papel xerador de emprego de calidade no sector terciario.

Durante os últimos anos, as pequenas empresas comerciais de proximidade estanse enfrontando a unha serie de desafíos que ameazan a súa concorrencia. Os cambios nos hábitos das persoas consumidoras, impulsados polo auxe do comercio en liña e a preferencia por experiencias de compra máis rápidas e a necesaria adaptación ás novas tecnoloxías e estratexias de mercadotecnia requiren medidas de apoio, tanto a nivel gobernamental como comunitario, para garantir a súa supervivencia a longo prazo.

Actualmente, os comercios afrontan ademais outro grave problema derivado da crise internacional co aumento dos prezos dos combustibles que lles afecta indirectamente polos problemas de abastecemento de mercadorías, o que provoca unha escaseza no noso pequeno comercio, así como un incremento do custo das mercadorías a venda.

Por isto, é preciso manter unha serie de medidas para asesorar, informar, formar e impulsar a dixitalización e reforzar a dinamización e cualificación do sector para evitar unha perda de concorrencia. Nas crises que se veñen repetindo manifestase como a dixitalización e o uso das novas tecnoloxías se configuran como ferramentas de utilidade para manter a actividade do comercio, polo que resulta preciso a posta en marcha de mecanismos de xestión integral que permitan combinar a venda física coa venda en liña e a distancia.

Ademais, a suspensión ou limitación para exercer con normalidade as actividades económicas durante as crises que se veñen encadeando esixen a programación desas liñas de dinamización e cualificación que incentiven a demanda e procuren a visualización do comercio de proximidade dos mercados e prazas de abastos e que potencie a súa actividade.

No orzamento de gastos para o exercicio 2026 inclúese a aplicación 14.06.751A.781.1 "Asociacionismo comercial e servizos para pemes comerciais", coa fonte de financiamento de fondos propios libres (1010) e proxecto de investimento número 2015.00254 "Modernización, emprendemento e innovación do comercio e das pemes comerciais". De



conformidade co disposto polos artigos 19.4 e 26 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, trátase dunha subvención de concesión directa que se instrumenta a través deste convenio de colaboración.

**SEGUNDO.** A Federación Galega de Comercio, no sucesivo, a federación, ten como obxecto a consecución de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ó que a súa denominación e fins se contraen, e entre outros, a representación, defensa e promoción dos intereses do comercio retalista, así como formular propostas e ser interlocutores perante a administración en todas aquelas accións, reformas ou medidas tendentes ó desenvolvemento, mellora e regulamento das actividades empresariais do comercio, sendo a entidade mais representativa do sector comercial no ámbito de Galicia.

Neste senso, a posta en marcha de distintas actividades relacionadas directamente coa información, formación e promoción do comercio (e en especial do comercio electrónico), así como a profesionalización da xestión da clientela como eixos fundamentais de actuación, amósanse axeitadas perante a situación que vive este colectivo, que demanda un decidido apoio na consecución dunha maior concorrència fronte a outras estruturas comerciais, e onde as administracións públicas teñen que xogar un papel relevante.

Por elo, considérase que as súas actuacións enmárcanse no interese xeral e de acordo co disposto no artigo 26.2 a) da Lei de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrència competitiva porque as actuacións obxecto deste convenio realizaranse pola federación que é a única que pode alcanzar a toda a Comunidade Autónoma e desenvolve as actividades de fomento deseñadas e executadas singularmente por ela mesma.

En consecuencia, existen razóns de interese público, social e económico que xustifican, conforme ao artigo 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no financiamento deste convenio para a concesión dunha subvención directa de carácter singular á Federación Galega de Comercio.

**TERCEIRO.** Con carácter previo á sinatura deste convenio, a federación acreditou a concorrència ou non doutras axudas públicas para a mesma finalidade, de conformidade co establecido no artigo 11.d) da Lei 9/2007, de 13 de xuño. Así mesmo, constan certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia, de acordo co establecido nos artigos 11.e) e 31.7 da devandita lei.

Por todo iso, as partes consideran que a mellora da concorrència do comercio polo miúdo precisa, entre outros, dunha posta en valor dos recursos con que se conta para favorecer o desenvolvemento comercial, implementando as accións no ámbito do comercio de información-promoción nas que se amosan especialmente as vantaxes competitivas do pequeno comercio de proximidade; e, dado o interese coincidente da consellería e da federación, acordan a formalización dun convenio de colaboración conforme ás seguintes



## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA. Obxecto**

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a consellería e a federación para a realización de accións de promoción comercial, asesoramento, formación e información ao asociacionismo comercial e impulso da dixitalización da Federación Galega de Comercio e dos seus asociados.

### **SEGUNDA. Orzamento e financiamento**

O orzamento total ascende a seiscientos noventa mil euros (690.000,00 €), IVE engadido.

A consellería achegará a cantidade de seiscientos vinte e sete mil novecentos euros (627.900,00 €), IVE engadido, con cargo á aplicación orzamentaria 14.06.751A.781.1 "Asociacionismo comercial e servizos para pemes comerciais" do orzamento de gastos para o ano 2026, coa fonte de financiamento de fondos propios libres (1010) e proxecto de investimento número 2015.00254 "Modernización, emprendemento e innovación do comercio e das pemes comerciais",

A federación financiará o resto do orzamento na cantidade de sesenta e dous mil cen euros (62.100,00 €), IVE engadido.

Na execución deste convenio realizaranse as seguintes actuacións coa desagregación que se recolle no anexo:

Liña de actuación	Importe
A. Liña de desenvolvemento de campañas de promoción comercial	348.000,00 €
B. Liña de asesoramento, formación e información ao asociacionismo comercial	320.000,00 €
C. Liña de impulso da dixitalización da Federación Galega de Comercio e dos seus asociados	22.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>690.000,00 €</b>

Calquera contracción do gasto que se orixine como consecuencia deste convenio deberá contar coa fiscalización previa da consellería e, por tanto, estará sometida á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente.

Ao conter este convenio unha achega superior a 150.000,00 €, resulta preceptiva a previa autorización do Consello da Xunta, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no artigo 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, dita autorización é precisa ao abeiro do disposto nos artigos 63.3 e 67.4 do Decreto 11/2009, do





8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, ao superarse a porcentaxe de pagamentos anticipados para as subvencións de capital e por eximir a entidade beneficiaria da obriga de constituír garantías para recibir os ditos pagamentos.

### **TERCEIRA. *Gastos subvencionables***

Consideraranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos necesarios para desenvolvemento do obxecto do convenio.

De acordo co previsto no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño consideraranse subvencionables os gastos e investimentos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 1 de decembro de 2026.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables non poderá ser superior, en ningún caso, ao valor de mercado.

### **CUARTA. *Obrigas da consellería***

A consellería comprométese a librar as achegas que correspondan unha vez que a federación presente a correspondente documentación xustificativa e sexa aprobada polos órganos competentes da consellería.

### **QUINTA. *Obrigas da federación***

A federación, para poder obter a condición de beneficiario neste convenio, deberá cumprir as seguintes obrigas:

- Presentar declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En todo caso, quedará suxeito ao cumprimento das obrigas impostas polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como ás demais que resulten concordantes á vista do réxime xurídico aplicable ás subvencións públicas; e, en especial, ás seguintes:

- Xestionar e executar os investimentos sinalados neste convenio que fundamentan a concesión da subvención.

- Xustificar ante a consellería, no tempo e forma que correspondan, o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención, así como a realización das actividades e o cumprimento da finalidade das mesmas.

- Someterse ás actuacións de comprobación da consellería, así como a calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En particular, facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da



Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

- Reintegrar, total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

- Comunicar por escrito á consellería a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto se coñeza a dita obtención e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos en virtude do presente convenio.

- Comunicar á consellería o xurdimento ou a modificación de calquera circunstancia que afecte a algún dos requisitos esixidos para a concesión da subvención.

- Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento pola Xunta de Galicia en todas as actuacións que deriven da execución deste convenio, empregando os soportes mais adecuados á natureza dos investimentos en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

- Subministrar á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en virtude do disposto no artigo 4.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da dita lei por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

#### **SEXTA. Subcontratación**

Permitirase a subcontratación do 100 % das actividades subvencionadas, agás que o impida a natureza das mesmas. A subcontratación regularase polo disposto no artigo 27 da Lei 9/2007 e no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei, sen prexuízo de aplicar a disciplina de contratación pública se a beneficiaria cumpre coas condicións do artigo 3.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para ser poder adxudicador.

As persoas contratistas quedarán obrigadas soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución do proxecto subvencionado fronte á Administración autonómica.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da obra, non aporten valor engadido ao seu contido.

#### **SÉTIMA. Relación con terceiros**



A subscripción deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a consellería, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

### **OITAVA. Xustificación e pagamento**

1. A data límite para xustificar o investimento será o día 4 de decembro de 2026.

2. O libramento da achega pola consellería levarase a cabo unha vez que a federación achegue á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a xustificación da realización dos obxectivos e fitos alcanzados, que incluírá a seguinte documentación:

a) Memoria xustificativa do cumprimento das obrigas establecidas no convenio, con indicación das actividades realizadas, os resultados obtidos.

b) Relación certificada de gastos, acompañada da relación nominativa das facturas ou medios de xustificación equivalentes agrupadas por cada unha das actuacións desenvolvidas.

As facturas e documentos xustificativos dos gastos deberán achegarse acompañados dos xustificantes de pagamento de acordo co que dispón o artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, agás daqueles gastos, de tracto periódico e iterativo, tales como o pago de impostos ou de cotizacións de traballadores que non é posible xustificar dentro do período estipulado neste convenio pero dos que se presentan nóminas ou copia das liquidacións, no seu caso. A federación deberá presentar unha xustificación complementaria no mes de xaneiro ou febreiro, cando o pago sexa efectivo, para completar o expediente.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando no recaia na proposta económica máis vantaxosa.

c) Certificación da entidade da concorrencia ou non doutras axudas públicas para a mesma finalidade, de conformidade co disposto no artigo 11.d) da Lei de subvencións de Galicia.

d) Certificacións de estar ao corrente a entidade nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

3. A achega da consellería minorarase en porcentaxe no caso de que a federación non xustifique o orzamento total que figura neste convenio.

4. A federación queda obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas



no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Así mesmo, deberá dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que se deriven da execución do presente convenio, adoptando as medidas de difusión contidas no punto 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e deberá incluír en cada comunicación ou actuación relativa as actuacións previstas neste convenio o logo da Xunta de Galicia.

#### 5. Pago anticipado:

De acordo co establecido no artigo 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, unha vez asinado o convenio, poderase realizar un pagamento anticipado de ata o 90% da subvención concedida, logo da solicitude e xustificación da súa necesidade pola Federación Galega do Comercio.

A concesión do anticipo quedará condicionada ao cumprimento por parte do beneficiario dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño da Lei de subvencións de Galicia. O importe concedido restante librarase no momento no que se xustifiquen na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.

De conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Federación Galega do Comercio queda exonerada da obriga de constituír as garantías previstas no capítulo II do título IV do devandito Decreto.

#### **NOVENA. *Compatibilidade das axudas***

A axuda concedida ao abeiro deste convenio será compatible con outras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade sempre que o importe total das subvencións concedidas non supere o custo das actividades subvencionadas.

#### **DÉCIMA. *Perda do dereito ao cobro e reintegro***

Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falla de xustificación do cumprimento do convenio ou incumprimento.

#### Incumprimento parcial:

Aínda que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida no convenio e, se e o caso, establecendo a obriga de reintegro. Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do investimento subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción.



Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 65% do investimento subvencionable, entenderase que o dito incumprimento é total e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora correspondentes.

#### Incumprimento total

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución á que se refire o parágrafo anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Á federación, como beneficiaria da subvención regulada neste convenio, seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do seu regulamento.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA. *Modificación***

Toda alteración das condicións a ter en conta para a concesión da axuda poderá dar lugar á modificación do convenio nos termos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

As devanditas modificacións deberán formalizarse a través da correspondente addenda e someterse aos requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado unilateralmente pola Administración cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

#### **DÉCIMO SEGUNDA. *Resolución***

Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia.
- O acordo unánime das partes asinantes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou na lexislación de aplicación.

#### **DÉCIMO TERCEIRA. *Publicidade e inscrición no Rexistro de convenios***

O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co disposto no antedito artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

En cumprimento do disposto nos artigos 18, 20.2 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

#### **DÉCIMO CUARTA. *Protección de datos de carácter persoal***

Na execución deste convenio respectarase a normativa vixente en materia de protección de datos. As partes comprométense a cumprir o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Así mesmo as partes comprométense a adoptar as medidas de carácter técnico e organizativo precisas que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda de tratamento e acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos aos que están expostos, proveñan da acción humana o do medio físico ou natural.

#### **DÉCIMO QUINTA. *Comisión de seguimento***

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, constituirase unha comisión paritaria de seguimento que adoptará os seus acordos por consenso e estará integrada por dúas persoas representantes da consellería e dúas en representación da federación.

A comisión constituirase a petición de calquera das partes e as súas funcións serán velar polo cumprimento do convenio e propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

#### **DÉCIMO SEXTA. *Vixencia***

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026, sen que se preveña a posibilidade de prórroga do mesmo.



Non obstante quedan incluídas todas as accións desenvolvidas dende o 1 de xaneiro de 2026, sempre que se correspondan co obxecto deste convenio.

**DÉCIMO SÉTIMA. *Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente***

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación, se ben se aplicarán os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O convenio rexerese polas súas propias cláusulas e, ademais, polos preceptos básicos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo que a desenvolve, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, seranlle de aplicación as demais normas de dereito administrativo aplicable ou, no seu defecto, as derivadas do dereito privado.

En consecuencia, correspóndenlle á consellería as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución, reintegro e nulidade deste convenio, así como resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento. Os acordos correspondentes porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos, sendo impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as súas estipulacións. E, en proba de conformidade, subscribítese este convenio no lugar e data enriba sinalados, por duplicado exemplar e para un único efecto.

Pola Xunta de Galicia  
O conselleiro de Emprego, Comercio e  
Emigración

Pola Federación Galega de Comercio  
O presidente

José González Vázquez

José María Seijas López



## ANEXO

O custo total estimado das actuacións obxecto do convenio ascende seiscentos noventa mil euros (690.000,00 €) IVE engadido, desagregado nos seguintes conceptos:

<b>A. LIÑA DE DESENVOLVEMENTO DE CAMPAÑAS DE PROMOCIÓN COMERCIAL</b>	
<b>ACTUACIÓNS</b>	<b>ORZAMENTO</b>
<ol style="list-style-type: none"> <li>Desenvolvemento da Campaña de Días Azuis a nivel autonómico.</li> <li>Desenvolvemento da Campaña Merca no teu comercio en 40 localidades galegas que non contén con centros comerciais abertos.</li> </ol>	348.000 €
<b>B. LIÑA DE ASESORAMENTO, FORMACIÓN E INFORMACIÓN AO ASOCIACIONISMO COMERCIAL</b>	
<b>ACTUACIÓNS</b>	<b>ORZAMENTO</b>
<ol style="list-style-type: none"> <li>Servizo de asesoramento e información prestado ao sector comercial, tanto presencialmente como por medios telemáticos e telefónicos a través da liña gratuíta 900.</li> <li>Desenvolvemento dun programa extraordinario de formación e asesoramento ás asociacións de comerciantes sobre a facturación electrónica.</li> <li>Desenvolvemento dun networking en cada unha das catro provincias galegas sobre temas de actualidade e interese para o sector comercial.</li> <li>Desenvolvemento dun programa de formación a través de píldoras formativas en redes sociais.</li> </ol>	320.000 €
<b>C. LIÑA DE IMPULSO DA DIXITALIZACIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO E DOS SEUS ASOCIADOS</b>	
<b>ACTUACIÓNS</b>	<b>ORZAMENTO</b>
<ol style="list-style-type: none"> <li>Mellora da plataforma de comercio en liña Comercio Galego.</li> <li>Mellora das redes sociais e da páxina web da Federación Galega de Comercio.</li> <li>Desenvolvemento de actividades de mentoring para a actualización e a mellora das webs e as redes sociais das asociacións de comerciantes.</li> </ol>	22.000 €



## A.- LIÑA DE DESENVOLVEMENTO DE CAMPAÑAS DE PROMOCIÓN COMERCIAL

Desenvolveranse actuacións de dinamización do comercio de proximidade e estímulo da demanda comercial e do consumo que faciliten o desenvolvemento e a mellora da actividade comercial.

### 1. Campaña de Días Azuis.

A campaña publicitaria e promocional Días Azuis, de carácter autonómico, ten como obxectivo visibilizar e crear relacións de afinidade co comercio de proximidade xerando movementos sociais, posicionando a súa imaxe, as súas vantaxes e características xeradoras de confianza, ao mesmo tempo que se persegue incentivar e reactivar o consumo.

A campaña desenvolverase nas datas máis idóneas dende o punto de vista comercial. A campaña publicitaria e promocional realizarase, ademais, polos medios máis adecuados e durante o período de tempo e coa duración que sexa precisa para acadar os seus obxectivos.

As distintas actuacións de potenciación do comercio local estarán incluídas nunha campaña publicitaria deseñada baixo unha estratexia creativa e que incluírá o deseño da campaña, a produción, execución e a súa difusión.

O orzamento desta actuación é 60.000,00 euros (IVE engadido).

### 2. Campaña Merca no teu comercio.

Desenvolveranse corenta campañas de dinamización do comercio local nas que se incluírá, en cada unha delas, un acto de entrega de premios.

O obxectivo desta campaña é estender a toda Galicia, en especial en vilas pequenas e medianas, campañas de dinamización e incentivación do consumo que poñan en valor e visibilicen o comercio local e que axuden a fomenten e promover o asociacionismo como ferramenta para mellorar a súa competitividade .

O orzamento desta actuación é 288.000,00 euros (IVE engadido).

Os custos contemplados dentro desta liña de promoción comercial son os seguintes:

Custos de persoal dedicados ás campañas de promoción comercial (salario e Seguridade Social), gastos correntes e calquera outro gasto que sexa necesario e imprescindible para o desenvolvemento, promoción e difusión das actuacións contempladas nesta liña, quedando expresamente excluídos os custos dos premios outorgados.

O orzamento total da liña de desenvolvemento de campañas de promoción comercial é de 348.000,00 euros (IVE engadido).





## B- LIÑA DE ASESORAMENTO, FORMACIÓN E INFORMACIÓN AO ASOCIACIONISMO COMERCIAL

### 1. Servizo de asesoramento e información.

Establecerase un servizo centralizado de asesoramento integral ao sector comercial de Galicia, tanto presencial nas oficinas da entidade como por medios telemáticos e telefónicos a través da liña gratuíta 900 durante todo o período subvencionable (xaneiro- decembro 2026).

Os obxectivos principais deste servizo son:

- Resolver de forma áxil e eficaz as cuestións formuladas polas asociacións e as persoas comerciantes en calquera materia e ámbito que afecte á actividade comercial e ao asociacionismo.
- Orientar, asesorar e informar ás persoas emprendedoras no sector comercial.
- Difundir, Informar e asesorar ás asociacións e ás persoas comerciantes dos programas, liñas de axudas e medidas postas en marcha polas distintas administracións, en especial pola Xunta de Galicia de interese para o sector comercial retallista.

O servizo deberá contar cos medios técnicos e materiais necesarios para o seu correcto funcionamento e contar co persoal técnico cualificado nas distintas áreas competenciais para dar cumprimento aos ditos obxectivos.

### 2. Desenvolvemento dun programa extraordinario de formación e asesoramento sobre facturación electrónica.

De forma complementaria ao servizo de asesoramento e información desenvolverase un programa extraordinario de asesoramento e formación sobre a facturación electrónica e impartirase en todas as asociacións de comerciantes.

### 3. Networkings.

Para promover unha participación dinámica e activa do sector comercial na formación e transmisión do coñecemento e de intercambio de experiencias, desenvolverase en cada unha das catro provincias galegas un networking relacionado con temas de actualidade e interese para os comerciantes.

### 4. Píldoras formativas en RRSS.

Desenvolverase un programa de formación a través de píldoras formativas que se difundirán entre as persoas comerciantes a través das redes sociais.

Para isto, realizaranse máis de vinte vídeos de curta duración que darán resposta de forma rápida, práctica e amena a aspectos moi específicos e clave para os/as comerciantes sobre materias concretas de interese comercial.

Os custos contemplados dentro desta liña son os seguintes:



Custos de persoal (salario e Seguridade Social), dedicados ao servizo de asesoramento e información, á formación, gastos correntes e calquera outro gasto que sexa necesario e imprescindible para o desenvolvemento e difusión das actuacións contempladas na liña.

O orzamento total da liña de asesoramento, formación e información ao asociacionismo comercial é de 320.000,00 euros (IVE engadido).

### **C- LIÑA DE IMPULSO DA DIXITALIZACIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO E DOS SEUS ASOCIADOS**

Impulsarase a dixitalización da Federación Galega de Comercio, a través das seguintes actuacións:

1. Mellora da plataforma de comercio en liña Comercio Galego.
2. Mellora das redes sociais e da páxina web da Federación Galega de Comercio.
3. Desenvolvemento de actividades de mentoring para a actualización e mellora das webs e das redes sociais das asociacións de comerciantes.

Os custos contemplados dentro desta liña de impulso da dixitalización son os seguintes:

Custos de persoal (salario e Seguridade Social), gastos correntes e calquera outro gasto que sexa necesario e imprescindible para o desenvolvemento e difusión das actuacións contempladas nesta liña.

O orzamento total da liña de impulso da dixitalización da Federación Galega de Comercio e dos seus asociados é de 22.000,00 euros (IVE engadido).

